

MANIFÉSTATE!

Contra a riqueza que empobrece
A pobreza no mundo é unha grave violación dos Dereitos Humanos que non debe ser tolerada. As causas da pobreza non nacen coa crise:

A RIQUEZA EXTREMA.

Na actualidade, o 1% das persoas máis ricas do planeta veñen de incrementar os seus ingresos nun 60% nos últimos 20 anos, mentres que a crise financeira non fixo máis que acelerar esta tendencia.

OS COMPORTAMENTOS GLOBAIS INTOLERABLES,

como a privatización dos servizos públicos, o acaparamento de terras, os gravísimos recortes en políticas de cooperación ao desenvolvemento, etc, incrementan a desigualdade e empobrecen ás persoas.

Porén:

300 millóns atópanse en situación de pobreza extrema e case 1.000 millóns pasan fame, mentres que 1.300 millóns de toneladas de alimentos son tiradas ao lixo cada ano.

CRES QUE É IMPOSIBLE ACABAR COA POBREZA?

Alguén intuía en séculos pasados...

- Que a escravitude ía ser abolida?
- Que as mulleres terían dereito a voto e poderían reclamar os seus dereitos de igualdade?
- Que a sanidade e a educación serían gratuítas en moitos países?
- Que enfermidades como a varíola desaparecerían ou que fose existir unha Declaración Universal dos Dereitos Humanos?

PERSOAS COMA TI, coma nós, cambiaron o destino da humanidade: atrevéronse, faláron, protestaron, **MANIFESTÁRONSE!**

Rematar coa pobreza no mundo é tecnicamente menos complicado que chegar á Lúa. Economicamente bastaría coa metade do que gastamos en armamento.

OUTRO MUNDO É POSIBLE.



ÚNETE Á PRIMEIRA MANIFESTACIÓN "EN DIFERIDO"

- POLA REDISTRIBUCIÓN DA RIQUEZA
 - POLOS SISTEMAS ALTERNATIVOS
- HAI ALTERNATIVAS. DÁLLE A VOLTA!**

MANIFÉSTOME, MANIFÉSTASTE....

O 17 DE OUTUBRO é o Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, pero durante todo o mes persoas de todo o mundo manifestaranse nas súas cidades, na rúa, na súa casa...

Elixe un dos máis de 40 lemas da campaña (que atoparás nas páxinas www.galiciasolidaria.org e www.importanos.org), fai unha foto no noso photocall ou onde ti elixas e comparte a imaxe nas redes sociais :

En Facebook : Dálle a “Me gusta” na páxina de Impórtanos e na Coordinadora Galega de ONGd, sube a foto ao teu perfil e etiquétanos cos hastags **#Manifestome**, **#Importanos** e **#Riquezaqueempobrece**.

En Twitter : Sube a túa foto e/ou lema cos hastags **#Manifestome**, **#Importanos** e **#RiquezaqueEmpobrece** e noméanos **@pobrezacero** e **@cgongd**.

Converte a loita contra a pobreza en “TRENDING TOPIC”!

ESTES SON ALGÚNS DOS NÓSOS LEMAS, QUE SEGURO QUE COMPARTES:

- ... en contra da privatización dos recursos naturais
- ... a favor duns medios de comunicación transparentes e críticos
- ... en contra do desperdicio de alimentos
- ... a favor do dereito a unha vivenda digna
- ... en contra das prácticas abusivas da banca
- ... a favor da educación que promove a transformación social
- ... en contra dos recortes en sanidade en todo o mundo
- ... a favor da redución do orzamento militar
- ... en contra dos paraísos fiscais
- ... a favor da renda básica universal
- ... en contra da discriminación das mulleres en todo o mundo
- ... a favor da condonación da débeda externa aos países empobrecidos
- ... en contra da imposición de políticas inxustas do BM, a OMC, o FMI e a UE



www.galiciasolidaria.org



www.importanos.org